



Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (FEAFES Galicia) para o financiamento dos seus programas dirixidos a persoas con enfermidade mental residentes na Comunidade Autónoma de Galicia e do mantemento da entidade

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que esta dirección xeral ten previsto formalizar coa **Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (FEAFES Galicia)** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 01/01/2019 ata o 31/12/2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o mantemento da entidade e as seguintes prestacións:

- Información, orientación e apoios(sociocomunitarios e familiares).
- Asesoramento e apoio xurídico especializado para persoas con enfermidade mental e os seus familiares e achegados.
- Atención social en vivenda
- Mantemento, coordinación do movemento asociativo, representación e interlocución institucional e servizo de comunicación externa.
- Formación para e de profesionais, coidadores non profesionais, voluntarios, familiares, profesionais do ámbito social, estudantes e persoas interesadas no ámbito da saúde mental.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta en que a entidade aparece expresamente reflectida no estado de gastos dos orzamentos da Comunidade





Autónoma de Galicia para o ano 2019 como beneficiaria individualizada así como o obxectos subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 18 de xaneiro de 2019.

